

Prezados:
Que días difíciles!



Pedimos desculpas por entrar na vosa intimidade e compartir unhas reflexións.

Convidásenos estes días a pecharnos para fuxir dun virus; podería calar en nós a tentación de pecharnos aos demais,

non só de pechar as portas á enfermidade senón tamén de dar as costas aos demais, ao próximo.

Ben sabedes que non está sendo así, que, malia as dificultades, estes días son, e serán, días onde se manifesta tamén o rostro mais fermoso que temos como sociedade: sanitarios en paro ou xubilados que dan un paso adiante e din: “aquí estou”; mozos e mozas que se ofrecen para atender os comedores sociais; veciños que se ofrecen a atender aos maiores ou aos cativos, a facer a compra por outros ou a saír a unha farmacia polo veciño que non pode; multitudes que saen a un balcón para aplaudir a solidariedade ou para berrarse “ánimo!” no silencio da noite.

Canda esta realidade que aporta a estas horas amargas unha especial dozura quixéramos convidarvos e convidarnos a mostrar esa fermosura en dous aspectos estes días:

- **Mimar a nosa convivencia.** Co paso dos días esta convivencia forzada nos nosos fogares pode derivar en roces; se o temos en conta dende agora seguro que o afrontaremos con acerto, “que o Señor nos axude a descubrir novas expresións de convivencia”, pedía estes días o Papa Francisco. Con imaxinación, poden ser estes días unha oportunidade para re-descubrirnos como parella e como familia e saírmos reforzados nos sempre febles fíos que nos unen.

- **Mimar o noso ser Igrexa-doméstica.** Vémonos forzados tamén a non acudir aos templos para orar ou celebrar os sacramentos. Poñamos en valor os nosos fogares como as “igrexas domésticas” que son lugares dende onde se alzan as voces para loar a Deus e pedir a súa caricia para os que sofren especialmente esta situación. Podemos topar momentos nas xornadas que seguen para dedicar un tempo especial a orar, a ler e meditar a Palabra de Deus, a experimentar o silencio como oportunidade de reencontro con Deus e con un mesmo.

Sabedes que nas redes ou na TV e radio ofrécense moitas ferramentas para manter acendida a nosa vida de fe. Poñemos por exemplo rezandovoy.org que ofrece cada día pequenas reflexións co Evanxeo da man, e como esta ducias delas. Usemos de estas ferramentas para non arrefriar as nosas esperanzas.

E, para rematar, **propoñemos un reto** como signo de comunión: **que cada día ás 20⁰⁰ paremos** un par de minutos xuntos todos os da casa, maiores e nenos. Os que sexan crentes para orar, e os que non para reflexionar, e todos **para enviarnos e acoller dos demais, de fogar a fogar e de corazón a corazón, ánimo e esperanza.**

Vémonos obrigados estes días a vivir sen o contacto dos demais, mais tede a seguridade de que seguimos unidos nas nosas oracións e nas esperanzas compartidas.



Os vosos párrocos,
na Unidade Pastoral de Os Cotos

Gonzalo e Andrés